

O alto custo dos espazos na televisión e noutros medios tradicionais como os xornais, xunto coa universalización de Internet e as súas maiores posibilidades, fixeron que os anunciantes cambien de soporte y aposten pola Rede.


Comparativa das distintas variables relacionadas coa publicidade en Galicia e en España. 2007.

	Televisión de Galicia	Total de cadeas	TVG/Total
Investimento declarado en publicidade en televisión (millóns de Euros)	25,94	3.355,99	0,77%
Minutos de publicidade emitidos en televisión	38.527	1.016.435	3,79%
Número de spots emitidos en televisión	122.511	3.068.863	3,99%
GRP's	322.619	3.105.773	10,39%


GRP: medida da audiencia publicitaria dun medio que equivale a un 1% do universo potencial total da audiencia, sen tomar en consideración duplicacións.

- O investimento declarado en publicidade no medio televisivo caeu no caso da Televisión de Galicia un -0,20% no 2007 con respecto ao ano anterior.
- A televisión continúa a ser o primeiro medio por volume de negocio publicitario en España.
- A lei limita a un máximo de 12 minutos por hora o volume de anuncios publicitarios que poden emitir as cadeas de televisión, sexan públicas ou privadas, de ámbito nacional ou autonómico.
- **Televisión Española comezou a emitir un minuto menos de publicidade por hora** en xaneiro do 2008, o que representa un aumento do pastel publicitario para o resto de cadeas privadas que se financian enteiramente coa publicidade.
- O sector publicitario investiga **formatos alternativos** capaces de adaptarse á nova situación.
- Pese aos cambios e ás dificultades, **o sector incrementa o seu volume de inversión** en 2007.
- Un 6,04% da **inversión publicitaria española** se destina xa aos medios interactivos.
- Todo apunta a que en 2009 **Internet se converterá no terceiro medio en termos de inversión publicitaria**, por detrás de TV e xornais.
- Os **videoxogos abren un novo filón de ouro para a publicidade** a través do *product placement*, ou a inserción de marcas e produtos, en videoxogos.
- Dygra Films e Movistar lanzan no Nadal de 2008 a primeira **campaña publicitaria en 3D estereoscópico**.

Evolución de Gross Rating Point (GRP) na Televisión de Galicia. 1994-2007.



Tipo de publicidade na Televisión de Galicia (% sobre o total de spots en Galicia). 2007



Evolución do número de spots publicitarios na Televisión de Galicia. 1994-2007.

